

## Como facer un usb “bootable” con moodle 1.9 en servidor local (lamp)

### Introdución

A versión de Moodle que temos nas aulas virtuais dos Centros, proporcionadas pola Consellería de Educación, é a 1.8 polo que non dispoñemos do caderno de cualificacións da versión 1.9. Isto, xunto cos múltiples atrancos técnicos que tivemos nos inicios de ABALAR, leváronme a crear un usb “bootable” con ubuntu e moodle 1.9 en modo local. No usb instálase ubuntu coma se fose un disco duro (coas particións necesarias). Isto faise así xa que nas versións live é case imposible instalar moodle (bloquéase o proceso por diversos motivos) ademais do lento que iría.


Traballamos con moodle 1.8 no día a día e utilizaremos o usb con moodle 1.9 só en caso de problemas técnicos e nas avaliacións. Para incorporar as cualificacións a moodle 1.9 deberemos facer unha copia de seguridade dos datos do alumnado na aula virtual do noso Centro (moodle 1.8) e restaurala no moodle do usb. Finalmente deberemos asignar cada actividade á subcategoría correspondente xa que por defecto as incorporará á categoría non definida.

### Instrucións

- **No caso de ter Ubuntu.**

- A. Facer un usb bootable con ubuntu live*

- Descargar a imaxe (12.04 server) de ubuntu
- Utilizando o aplicativo “creador de discos de arranque” facer un usb live seguindo as instrucións. (Tamén se pode facer gravando a imaxe nun CD ou DVD)



- Arrancar o equipo co usb (ou CD/DVD) de ubuntu live creado no paso anterior.
- Introducir outro usb de 8 Gb (recomendable 16 Gb ou máis).
- Premer na opción instalar que aparece no escritorio e asegurarse de que escollemos a unidade correcta (a correspondente ao usb de 8 ou 16 Gb) cando nos pida onde queremos facer a instalación.



Hai que asegurarse tamén de que lle indicamos a unidade correcta para a instalación do grub (xestor de arranque) porque pode danar o arranque do disco duro do PC. Consultade estes enlaces en caso de dúbida:

<http://www.ubuntu-guia.com/2012/04/como-instalar-ubuntu.html>

<http://ubuntulife.wordpress.com/2012/05/08/instalar-ubuntu-12-04-precise-pangolin-paso-a-paso/>

Se queredes máxima seguridade desconectade o disco duro interno do PC.

- **No caso de ter unicamente windows**

- B. Facer un usb bootable con ubuntu live*

- Descargar a imaxe de ubuntu
    - Utilizando o aplicativo “LinuxLive usb creator” facer un usb live seguindo as instrucións.
    - Seguir os pasos do apartado anterior

No caso de instalar a versión Ubuntu desktop, logo hai que instalar lamp (apache, mysql e php). Neste enlace explica como facelo

[http://informatica.iessanclemente.net/manuais/index.php/Instalaci%C3%B3n\\_e\\_Configuraci%C3%B3n\\_xeral\\_de\\_Moodle](http://informatica.iessanclemente.net/manuais/index.php/Instalaci%C3%B3n_e_Configuraci%C3%B3n_xeral_de_Moodle)

e nestoutro tamén

<http://moodleim.blogspot.com.es/2010/11/tutorial-de-la-instalacion-de-kubuntu.htm>.

- C. Instalar Moodle 1.9*

- Seguidamente descargamos moodle 1.9 e descomprimímolos no cartafol “www”
    - Por último, dende un navegador instalamos moodle (url: <http://localhost/moodle/install.php>)

Para neófitos ou aqueles que fuxides do terminal consultade esta completa guía [http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/184/cd/M8\\_moodle\\_gnu-linux/lamp.html](http://www.ite.educacion.es/formacion/materiales/184/cd/M8_moodle_gnu-linux/lamp.html)